ANTEPROXECTO DE LEI DE ESTATÍSTICA DE GALICIA
MEMORIA-INFORME XUSTIFICATIVA

Expte.:2023/NG09

En cumprimento dos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado por Decreto 111/1984, do 25 de maio, e modificado por Decreto 57/1994, do 25 de marzo, elabórase esta memoria-informe xustificativa sobre legalidade, acerto e oportunidade, que recolle as modificacións e innovacións do anteproxecto de lei de estatística de Galicia, en relación coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E MARCO XURÍDICO

O artigo 27.6 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia establece como competencia exclusiva a estatística para os fins da Comunidade Autónoma, previsión que se desenvolveu coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (LEG), que foi modificada por Lei 7/1993, do 24 de marzo, Lei 10/2001, do 17 de decembro, Lei 16/2006, do 27 de decembro e Lei 8/2011, do 9 de novembro. Nela establecíanse o marco normativo básico, a estrutura organizativa e os instrumentos de planificación da estatística galega.

Os anos transcorridos desde a súa entrada en vigor e a aprobación por lei de seis plans estatísticos aconsellan revisala á luz da experiencia e considerando a achega de nova regulamentación, o desenvolvemento tecnolóxico e a multiplicación das fontes de datos.

Con esta finalidade o pasado 13 de abril o Consello da Xunta acordou iniciar a tramitación do anteproxecto de lei de estatística de Galicia.

Desde 1988, a maiores da lei 12/1989, do 9 de maio, que regula a función estatística da Administración xeral do Estado, do Regulamento (CE) nº 223/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo, relativo á estatística europea, e do Código de conduta de 2017 do Sistema Estatístico Europeo, ditáronse as seguintes normas na materia:

- Lei 7/1993, do 24 de marzo, de modificación da Lei 9/1988, do 19 de xullo
- Lei 6/1997, do 31 de xullo, do Plan galego de estatística 1998-2001
- Lei 10/2001, do 17 de setembro, do Plan galego de estatística 2002-2006
- Lei 16/2006, do 27 de decembro, do Plan galego de estatística 2007-2011
- Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística 2012-2016
- Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021
- Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026
- Decreto 173/2007, do 30 de agosto, polo que se establece a forma de designar aos membros do Consello Galego de Estatística
- Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e se establece o procedemento de designación
- Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística

CVE: tPiXHSG3QH8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Entre outras normas posteriores a 1988 a ter en conta para actualizar a LEG están:

- Lei 37/2007, do 16 de novembro, de reutilización de información do sector público
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (de protección de datos)
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia

NOVIDADES DE ESTRUTURA E CONTIDO

O anteproxecto ordénase en títulos e capítulos, sen usar a subdivisión en seccións da lei anterior, que non semellaba estar sempre xustificada polo contido e extensión dos capítulos e que mesmo dificultaba a lectura do texto. Sobre contido, o cadro anexado a este informe amosa que o anteproxecto incorpora cuestións non tratadas na Lei anterior:

- Definicións (artigo 3)
- Calidade estatística (artigo 5)
- Réxime do persoal (artigo 12)
- Inventario (artigo 23)
- Proxecto técnico (artigo 24)
- Solicitude de información (artigo 26)
- Aproveitamento da información dispoñible (artigo 27)
- Conservación (artigo 29)
- Comunicación de datos persoais para fins estatísticos (artigo 33)
- Prescrición (38)
- Rexistro de poboación (disposición adicional primeira)
- Estatística e planificación pública (disposición adicional segunda)
- Órganos superiores do IGE (disposición adicional terceira)
- Plan anual de actuación do IGE (disposición adicional cuarta)
- Acceso ás bases de datos de persoas xurídicas (disposición adicional quinta)

Por outra banda, no anteproxecto non se recollen as previsións de dous artigos da Lei 9/1988, por consideralas innecesarias:

CVE: tPiXlHSG3QH8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Artigo 20: Os cuestionarios non poderán conter preguntas que teñan unha relación directa co dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e ás convicción relixiosas ou políticas do informante. Os cuestionarios respectarán en todo caso o disposto no artigo 18 da Constitución española.
- Artigo 36: As sancións administrativas neste capítulo non serán obstáculo para a esixencia de responsabilidades aos infractores ante a xurisdición ordinaria ou contencioso-administrativa.

Entre as temáticas comúns de ambos textos que se tratan con máis precisión e/ou extensión no anteproxecto salientan os principios estatísticos (artigo 4), a publicidade de resultados (capítulo III) e o segredo estatístico (título III).

De seguido considérase o previsto no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público sobre adecuación do anteproxecto aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia.

Co respecto ao primeiro, se ben a vixencia da lei de 1988 amosa a súa fortaleza por sustentar seis plans estatísticos con só catro modificacións puntuais, os anos transcorridos aconsellan revisala á luz da experiencia e tendo en conta a achega de nova regulamentación, o desenvolvemento tecnolóxico e a multiplicación das fontes de datos.

Sobre proporcionalidade, o anteproxecto contempla no artigo 4 o principio de rendibilidade, que implica que os custos de elaborar estatísticas han de ser proporcionais á importancia dos resultados e beneficios buscados, que os recursos deben ser ben empregados e que cómpre minimizar a carga de resposta. Usar como fonte prioritaria de información a dispoñible nos ficheiros administrativos, estatísticos ou doutro tipo e promover o seu enlace con fins estatísticos están en liña con este principio. O artigo 25 abonda na proporcionalidade por limitar a obriga de colaboración cidadá ás operacións programadas e a información a fornecer ao establecido nos proxectos técnicos. Por tanto, non serán obrigatorias as estatísticas que non cumpran os requisitos técnicos e de publicidade propios das operacións, que se especifican nos apartados 2 e 17 do artigo 3.

A seguridade xurídica e o principio de legalidade garántense co de autoridade do artigo 4, de modo que a estatística galega desenvolverase consonte á normativa emanada dos poderes competentes na materia e de acordo cos estándares, prácticas e principios científicos que aseguren a súa corrección técnica, o que supón recorrer a normas profesionais e éticas e garantir a transparencia cara ás persoas informantes e usuarias. Asumir expresamente o código de conduta europeo tamén significa que as autoridades estatísticas han de ter un mandato legal claro para recolleren e accederen á información. Que os instrumentos de ordenación da actividade estatística se aproben por lei e decreto abondan neste principio, así como a regulación detallada sobre segredo estatístico do terceiro título.

Transparencia e accesibilidade son outros obxectivos contemplados reiteradamente no anteproxecto. O principio de accesibilidade e claridade do artigo 5 establece que as estatísticas se difundirán garantido o acceso neutral e doado das persoas ou

CVE: tPiXHSG3QH8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

entidades usuarias e achegando información complementaria para facilitar o seu uso e interpretación. Este principio concrétase noutros artigos posteriores que recollen as obrigas de difundir os procedementos utilizados (artigo 24) e os datos estatísticos (artigos 22). As prácticas de publicar resultados gratuitamente, nun sitio web específico, en formatos reutilizables e acompañados de metainformación (artigo 28) tamén están aliñadas cos principios de transparencia e accesibilidade. As previsión do anteproxecto sobre rendemento de resultados (artigos 21 e 22) contribuirán igualmente á transparencia do sistema estatístico galego.

Por último, simplicidade e eficacia son conceptos vencellados cos principios estatísticos e de calidade dos artigos 4 e 5, en particular cos de rendibilidade, precisión e coherencia. Tratar os rexistros administrativos e sistemas de información como recursos estratéxicos é outra aspiración do anteproxecto que contribuirá a aumentar a eficacia (artigos 4 e 27).

Secretaria Xeral do Instituto Galego de Estatística
Rosa Elvira Fernández González

Asinado por: FERNANDEZ GONZALEZ, ROSA ELVIRA
Cargo: Secretaria Xeral
Data e hora: 09/06/2023 09:51:30

CVE: tPiXlHSG3QH8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve